



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O próximo día **23 de marzo** desenvolverase na **Cidade da Cultura** (Edificio CINC), en Santiago, o encontro empresarial **MARCA ESPAÑA: UN ESFUERZO CONXUNTO CARA A UNHA INDUSTRIA INNOVADORA E GLOBAL**, que ten como obxectivo debater e poñer en valor a imaxe-país no exterior para mellorar a competitividade e a internacionalización das empresas. Nun mundo global, unha boa imaxe-país é un activo que serve para respaldar a nosa posición internacional política, económica, cultural, social, científica e tecnoloxicamente, o que contribuirá ao aumento das exportacións, á atracción de investimento estranxeiro e ao apoio á internacionalización das nosas empresas.

O encontro, que comezará ás **10:30 horas**, incluírá catro **mesas de traballo** simultáneas que abordarán aspectos relevantes para a actividade industrial como o talento, a fábrica do futuro, os sectores estratéxicos e a loxística e as infraestruturas.

Nestas mesas participarán destacados representantes de importantes empresas dos principais sectores produtivos galegos, xunto con representantes de institucións e organismos de Galicia e de España, para compartir cos asistentes as súas experiencias e visións de futuro.

Se queres inscribirte, pincha na seguinte [ligazón](#). Se queres máis información, chama aos teléfonos 900815151 / 981541180 ou escribe un correo a protocolo@igape.es.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.